

CURSO PRÁCTICO

Acompañamento de proxectos cooperativos

REDE eusumo



eusumo
Cooperativismo e Economía Social

¿Tes a formación suficiente para asesorar a un grupo promotor na creación dunha cooperativa?

Do 18 de marzo ao 13 de maio de 2014

Sesións presenciais os martes, de 9:00 a 14:00 h

Escola Galega de Administración Pública
Polígono das Fontiñas, Rúa de Madrid, 2-4 15707
Santiago de Compostela

A Dirección Xeral de Traballo e Economía Social da Consellería de Traballo e Benestar e o Consello Galego de Cooperativas organizan un curso práctico de acompañamento de proxectos cooperativos.

O obxectivo deste curso é formar a persoal técnico en materia de promoción do emprego baixo fórmula cooperativa e adquirir as competencias necesarias para acompañar aos grupos promotores de cooperativas.

O curso desenvolverase cunha metodoloxía baseada na aprendizaxe activa, coa conformación de grupos de alumnas e alumnos que deberán desenvolver o seu proxecto cooperativo, experimentando todos os pasos do mesmo. Levarase a cabo a análise do papel da persoa asesora e titora en cada paso, coa presentación na aula de situacións habituais no proceso de acompañamento e tipoloxía de respostas a ditas situacións.

Matrícula gratuíta. Prazas limitadas.


Entregarase diploma acreditativo.

Inscripción electrónica no seguinte enlace:
<https://enquisas.cidadania.coop//index.php?sid=29613&lang=gl>

Prazo inscrición ata o 13 de marzo.

Información en info@eusumo.coop ou 627570947





Duración

40 Horas presenciais e 28 horas prácticas.

Formato

Presencial, con apoio on-line para os traballos prácticos que deben realizarse entre as sesións presenciais.

Calendario

Desde o 18 de marzo, ata o 13 de maio de 2014.

As sesións presenciais serán todos os martes, en horario de mañá, de 9 a 14H.

O traballo práctico será realizado polos grupos de alumnado, estimándose unha dedicación de 4 horas entre sesión e sesión.

Persoas destinatarias

Aquelas que son prescriptoras de cooperativas. Darase prioridade a axentes de fomento cooperativo, axentes de emprego e desenvolvemento local, persoal técnico de xestorías e asesorías, etc.

Docentes

Juan Gómez Cabo, asesor especializado no ámbito cooperativo. Socio de Xedega S. Coop. Galega e responsable dos procesos de acompañamento de proxectos na Rede Eusumo.

Ana Lorenzo Vila, asesora especializada no ámbito cooperativo. Socia de Cidadanía S. Coop. Galega e especialista en organización social e produtiva das cooperativas.

Contidos

Neste curso presentaranse os coñecementos precisos para as diferentes fases no acompañamento e realización de plans de empresa de proxectos cooperativos.

Ofreceranse tamén as ferramentas prácticas que poden empregarse para dito acompañamento.

Bloque 1: aproximación ás cooperativas como fórmula xurídica e como modelo de empresa de seu

1. Características xerais e diferentes clases de cooperativas.
2. Características da súa xestión económica.
3. Características da súa organización societaria.

Bloque 2: Pasos na elaboración do plan de empresa cooperativa

1. A realidade do acompañamento a grupos promotores de cooperativas.
2. A idea de negocio ou actividade.
3. Plan de empresa.
4. Viabilidade societaria.
5. Trámites de constitución.

Bloque 3: Recursos útiles no traballo de promoción

1. Axentes relevantes na promoción do cooperativismo.
2. Programas e ferramentas de apoio.
3. Axudas e subvencións.
4. Referentes cooperativos: cooperativas xa existentes.